



Ferrol
Congresos
Exposicións

O ALCALDE DE FERROL INAUGUROU HOXE O MAIOR ESCAPARATE DAS OPORTUNIDADES DA COMARCA

O Alcalde de Ferrol, D. José M. Rey Varela, inaugurou esta tarde en FIMO a II Feira das Oportunidades e o XVII Salón do Vehículo Usado, que durante esta fin de semana converterán o recinto feiral de Punta Arnela no máis grande escaparate comercial das oportunidades. O presidente de FIMO, Xoan Gato Díaz, o director do recinto, Domingo A. Díaz Basoa, o presidente de ACOF, Cristobal García Nores, xunto doutros membros do Consorcio pro Feiras e Exposicións acompañaron ao rexedor no seu percorrido polos pavillóns onde está instalado o certame. Tanto o alcalde como o presidente de FIMO animaron aos ferroláns a acudir a esta cita que permanecerá aberta ao público ata o vindeiro domingo, día 4 ás 20:30 horas.

A Asociación de Comerciantes de Ferrol (ACOF-Centro Comercial Aberto da Magdalena) foi a promotora desta iniciativa que pon a disposición dos comerciantes de Ferrolterra, Eume e Ortegal o recinto feiral de Ferrol para que poidan dar saída aos stocks acumulados de tempadas anteriores.

A eles súmase, por segundo ano consecutivo o Salón do Vehículo Usado, Ocasión Auto que ofrece prezos excepcionais en vehículos de segunda man con tódalas garantías. Quen esté pensando en renovar o seu automóvil, esta fin de semana ten que pasar por FIMO, posto que pode atopar a máis ampla gama de vehículos, dende o máis pequeno dos utilitarios hasta os todocaminos e deportivos, por prezos verdadeiramente interesantes. En total o número de coches expostos achégase aos 200. Ademais, o concesionario Autogándara expón no vestíbulo de entrada as últimas novidades da marca Audi, como o Audi Q3 que se da a coñecer no marco de esta edición de Ocasión Auto

En total a II Feira das Oportunidades e o XVII Salón do Vehículo Usado ocupan unha superficie de máis de 8.000 metros cadrados distribuídos entre os pavillóns 1, 2, 3, hall e vestíbulo de entrada ao recinto de Punta Arnela.

Máis dunha trintena de expositores participarán no gran escaparate comercial que é a II Feira das Oportunidades, todos eles encravados en municipios de Ferrolterra, Eume e Ortegal. Roupa para todas as idades, calzado, prendas deportivas, óptica, decoración, fogar, complementos, peletería e un longo etcétera de produtos estarán á venda na Feira das Oportunidades desta fin de semana en FIMO.

Preto de douscentos coches de segunda man ou kilómetro cero estarán á venda entre o 2 e o 4 de Decembro en Punta Arnela nunha ocasión única para cambiar de vehículo, con ofertas especiais con motivo da celebración do certame.

HORARIO:

VENRES, 2 DE DECEMBRO: 16:30 a 20:30
SÁBADO, 3 E DOMINGO, 4 DE DECEMBRO:
10:30 a 14:00
16:30 a 20:30

PREZO DA ENTRADA:1€

FERROL, 2 DE DECEMBRO DE 2011
GABINETE DE COMUNICACIÓN DE FIMO

Punta Arnela, s/n
Tel. 981 333 060. Fax. 981 333 961
15.480 FERROL (A Coruña)
prensa@fimo-ferrol.org

Se le informa que sus datos personales forman parte de un fichero responsabilidad de CONSORCIO PRO FERIAS Y EXPOSICIONES DE FERROL con domicilio social a Malata, s/n, 15.405 Ferrol (A Coruña), con la finalidad de posibilitar la relación comercial con usted o su empresa, así como el envío de información acerca de nuestros productos, incluyendo expresamente para ello el uso de correo electrónico. Usted podrá ejercer sus derechos de acceso, rectificación, cancelación y oposición, mediante notificación, al domicilio del Responsable del Fichero, según la LO 15/1999.